

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE DEZANOVE PRAZAS DE SOCORRISTAS NA CAMPAÑA DE VERÁN 2017, A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE-XUNTA DE GALICIA. EXP: TR351A 2017/49-1

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 5 de xullo de 2017, reúnese o tribunal designado para a selección das prazas, composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Segade Santos.
- Vogais: Alberto García Pouso.
- Secretario: José Antonio Maneiro Maneiro.



Fixado no taboleiro de edictos
o día 05 de Xullo de 2017

Retirado

o día de de 20.....
O/A Funcionario/a

Unha vez realizado, o tribunal por unanimidade dos tres membros acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións:

APELIDOS E APELIDOS	PROBA FÍSICA	CURSOS DE FORMACIÓN	LINGUA GALEGA	TOTAL
García Blanco Cayetano	8	1,50	celga	9,50
Segade Queiruga David	7	1,50	celga	8,50
Lameiro Ces Manuel Anxo	7	1	celga	8
Dieste García Jorge	7	0,50	celga	7,50
Fernández Díez Víctor	5	2	celga	7
Rial Tomé Carlos	5	1,50	celga	6,50
Campos Maneiro Daniel	5	1	celga	6
Armental Tomé Martín	5	0,50	celga	5,50
Pérez Franco José Manuel	5	0,50	celga	5,50
Blanco Queijo Denis	NP	-	-	-
Gómez Rodríguez Daniel	NP	-	-	-

2º) Proponer para a súa contratación pola Alcaldía aos seguintes participantes por ser as persoas que acadaron a maior puntuación na realización do procedemento de selección: García Blanco Cayetano, Segade Queiruga David, Lameiro Ces Manuel Anxo, Dieste García Jorge, Fernández Díez Víctor, Rial Tomé Carlos, Campos Maneiro Daniel, Armental Tomé Martín, Pérez Franco José Manuel.

3º) Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son en horario de 8:00 a 13:30, **no prazo de 2 días naturais (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)** dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**
- **Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.**
- **Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.**
- **Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude: DNI, tarxeta de demandante de emprego para o seu cotexo.**

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.